

# A VIOLENCIA CONTRA A MULLER NOS CASOS DE SUBTRACCIÓN INTERNACIONAL DE MENORES

Ignacio Varela Castro  
*Investigador predoutoral de Dereito Civil*  
*Universidade de Santiago de Compostela*

**TITLE:** *VIOLENCE AGAINST WOMEN IN INTERNATIONAL CHILD ABDUCTION CASES.*

**RESUMO:** A presente comunicación analiza o alcance que a violencia contra a muller ten nos casos de subtracción internacional de menores como motivo para denegar a súa restitución. Por un lado, á luz dos obxectivos do Convenio da Haya sobre os aspectos civís da subtracción internacional de menores e ao constatado paralelismo entre violencia de xénero e abuso de menores, deféndese que a devandita violencia debe ser causa suficiente para denegar a restitución do menor. Por outro lado, recoñecendo que é imprevisible que no panorama internacional se poida chegar a tal entendemento, avógase por unha interpretación do Convenio no seus xustos termos para que a violencia de xénero non sexa ignorada.

**ABSTRACT:** *This paper analyzes the extent to which the violence against women is a reason to refuse returning the child in cases of international child abduction. Firstly, taking into account the objectives of the Hague Convention on civil aspects of international child abduction and the proven parallelism between gender violence and child abuse, we defend that the aforementioned violence must be a sufficient reason to deny returning the child. Secondly, as it is predictably difficult to achieve an international agreement on this topic, we stand for an adequate interpretation of the Convention in order to prevent ignoring violence against women.*

**PALABRAS CLAVE:** subtracción internacional de menores, interese superior do menor, violencia contra a muller, violencia de xénero, grave risco.

**KEYWORDS:** *international child abduction, the best interests of the child, violence against women, gender violence, grave risk.*

**SUMARIO:** 1. INTRODUCCIÓN. 2. OBXECTIVOS E FILOSOFÍA DO CONVENIO DA HAYA. 2.1. *Obxectivo primordial e subxacente.* 2.2. *Outros obxectivos do Convenio.* 2.3. *Presunción iuris tantum.* 2.4. *Mecanismo de posta en marcha.* 3. A VIOLENCIA DE XÉNERO COMO EXCEPCIÓN Á DEVOLUCIÓN DO MENOR. 3.1. *Interpretación restritiva do artigo 13.1.b) do Convenio.* 3.2. *Posibles consideracións en detrimento dos casos de violencia sobre a muller.* 3.3. *Exemplos de supostos nos que a violencia contra a muller é motivo da non restitución do menor: un intento errado de sistematización.* 3.4. *A apreciación do risco no caso concreto.* 4. REFLEXIÓNS FINAIS. BIBLIOGRAFÍA E RECURSOS ELECTRÓNICOS.

## 1. INTRODUCCIÓN

Pronunciarnos acerca da repercusión que a violencia contra a muller ten nos casos de traslado ilícito internacional de menores como causa para denegar a restitución destes é unha ardua tarefa, en canto tal consideración non é sopesada, en si mesma, polo



Feitas estas apreciacións, debemos realizar as seguintes advertencias. En primeiro lugar, cabe manifestar o carácter especulativo do presente estudo, xa que a casuística, a importancia da proba e os diversos pronunciamentos xudiciais espallados entre os distintos Estados parte do Convenio impiden inducir unha regra xeral acerca da virtualidade que a violencia sobre a muller ten nos casos de subtracción internacional de menores. En segundo lugar, destacamos a relatividade da nosa análise pois, por unha parte, o suposto de feito do que partimos exclúe outros casos como, por exemplo, os de violencia exercida directamente sobre o menor e, por outra, non examinamos outras circunstancias hipoteticamente concorrentes coa violencia sobre a muller que puidesen ser relevantes para valorar a conveniencia da devolución do menor; iso desbordaría en exceso a nosa modesta intención nestas páxinas.

Dito todo isto, entendemos que o Convenio ten a versatilidade suficiente para que a violencia sobre a muller poida ser determinante para desestimar a restitución do menor no caso concreto. Con todo, tamén atopamos importantes trabas que producen o resultado contrario. Para chegar a aquela conclusión, é necesario comezar expoñendo con claridade cales son os obxectivos do Convenio e as premisas das que parte, pois confundir as súas prioridades conduce, tal e como estamos dicindo, a denegar á devandita violencia a relevancia que merece.

## 2. OBXECTIVOS E FILOSOFÍA DO CONVENIO DA HAYA

Malia o que se poida deducir dunha primeira lectura do artigo 1 do Convenio<sup>6</sup>, cabe afirmar que o sistema convencional se articula sobre tres obxectivos principais e xerarquizados, unha presunción *iuris tantum* e un mecanismo de posta en marcha. Fóra desta estrutura piramidal, existen outras consideracións accesorias que poden deformar aquela configuración de outorgárselles unha maior relevancia da debida<sup>7</sup>.

### 2.1. *Obxectivo primordial e subxacente*

A finalidade última do Convenio da Haya é protexer o interese superior do menor. Aínda que os preceptos do texto legal non mencionan en ningún momento o devandito interese, o preámbulo do Convenio si sinala que os intereses do menor son dunha importancia primordial.

A ausencia do interese superior do menor na parte dispositiva do Convenio é deliberada, pois preténdese evitar que a persoa que traslada ao menor poida conseguir no Estado refuxio unha resolución que legalice a situación de feito que acaba de crear. Isto é, quérese vedar a posibilidade de que os tribunais concedan directamente a custodia do

---

<sup>6</sup> O artigo 1 do Convenio da Haya indica que a finalidade do mesmo é garantir a restitución inmediata dos menores trasladados ou retidos de xeito ilícito en calquera Estado contratante e velar por que os dereitos de custodia e de visita vixentes nun dos Estados parte se respecten nos demais Estados contratantes.

<sup>7</sup> A elas referirémonos especificamente no apartado 3 deste traballo para evidenciar como poden ser un factor en detrimento da protección do menor e da muller vítima de violencia psicofísica.







converte ás mulleres e aos menores nas principais vítimas da violencia dentro da familia<sup>23</sup>.

A repercusión que a violencia sobre a muller pode ter sobre os menores é moi variable. Por unha banda, a súa exposición á agresión determina consecuencias psicolóxicas que inflúen negativamente no seu benestar, desenvolvemento, e saúde mental. En efecto, poden padecer problemas emocionais (como ansiedade, depresión ou somatizacións) ou problemas de comportamento (conduta non normativa ou agresividade)<sup>24</sup>. De feito, tal exposición á violencia non se reduce a ser testemuña directa da mesma, senón tamén a percibila ou coñecela<sup>25</sup>; en definitiva, a estar situado no ambiente de violencia. Doutra banda, a muller vítima pode padecer síntomas psicolóxicos e físicos derivados da agresión que diminúan as súas habilidades de coidado dos seus fillos, aínda que é certo que os efectos prexudiciais sobre os menores se mitigan cando estes teñen un apego seguro con elas<sup>26</sup> como figura de seguridade e protección. Así, constatouse que os menores experimentan un alivio na sintomatoloxía cando son apartados do fogar violento<sup>27</sup>.

O noso estudo un tanto aséptico da estrutura do Convenio conclúe que o seu obxectivo esencial é salvagardar o interese do menor de forma que, dado que tanto mulleres como menores son vítimas da violencia de xénero, a protección daquelas repercute favorablemente na protección destes.

Así as cousas, propuxéronse diferentes reformas do Convenio para que a violencia sobre a muller se constituía como verdadeiro motivo de denegación do retorno do menor<sup>28</sup>. A nosa opinión oriéntase nese mesmo sentido pois, á vista dos estudos na materia, non podemos disociar a violencia de xénero co abuso psicofísico dos menores. O Convenio da Haya pretende reaccionar ante situacións de risco, isto é, ante escenarios potenciais, e a violencia dentro da parella preséntase como un factor aumentativo do risco de abusos contra os nenos no seo da familia<sup>29</sup>.

Con todo, o Convenio mantívose intacto desde a súa aprobación e da Conferencia de Haya de Dereito Internacional Privado non se deduce ningún ánimo de reforma. Somos conscientes de que non parece plausible que se poida establecer unha regra concreta para os casos de violencia sobre a muller máis aló da utilización dos conceptos xurídicos indeterminados (interese do menor e grave risco) que o Convenio manexa,

---

<sup>23</sup> LÓPEZ SOLER *ET AL.* (2017), p. 38. A CONFERENCIA DA HAYA DE DEREITO INTERNACIONAL PRIVADO (2011), p. 7, recoñece que as mulleres son maioritariamente as vítimas nos casos de violencia na parella.

<sup>24</sup> ALCÁNTARA LÓPEZ *ET AL.* (2013), pp. 741 y ss.

<sup>25</sup> AYLLON ALONSO *ET AL.* (2011), p. 19.

<sup>26</sup> REYES CANO (2015), p. 187.

<sup>27</sup> AYLLON ALONSO *ET AL.* (2011), p. 21.

<sup>28</sup> *Vid.* a proposta de WEINER (2000), pp. 692 y ss., quen, non obstante, recoñece as dificultades da reforma.

<sup>29</sup> PINHEIRO (2006), p. 16.

pois iso poñería en perigo a operatividade do mesmo. En efecto, o traslado ilícito de menores trátase dunha cuestión xenuinamente internacional na que os estados converxentes presentan culturas xurídicas diverxentes: o consenso que se alcanzou sobre a necesidade de protexer ao menor dificilmente pódese conseguir en materia de violencia doméstica e violencia contra a muller<sup>30</sup>.

Ante este panorama, e ante a falta dunha previsión específica, dise que o Convenio se debe adecuar aos constantes cambios legais e sociais e que o impacto da violencia sobre a muller conecta coa forma en que o Convenio debe ser entendida, interpretada e adaptada<sup>31</sup>. Precisamente, a utilidade dos conceptos xurídicos indeterminados que manexa o Convenio de Haya, tales como o interese superior do menor ou o grave risco do artigo 13.I.b) ao que deseguida nos referiremos, radica na súa flexibilidade e adaptabilidade non só ao caso concreto que sexa obxecto de análise, senón tamén á evolución que sociedade e Dereito poidan experimentar.

Se as cláusulas xerais abertas aseguran que unha norma se poida aplicar a situacións impensadas no momento da súa redacción, a través das mesmas se debe, polo tanto, encarrilar as alegacións da violencia sobre a nai para que se denegue a restitución do menor no caso concreto. Aínda que é certo que o impacto que o menor pode experimentar por mor da violencia sobre a muller depende das súas concretas circunstancias<sup>32</sup>, consideramos que a denegación do retorno non debe reducirse aos supostos máis vexatorios e dramáticos. En efecto, a violencia de xénero non se identifica unicamente coas “fases de explosión” máis violentas, senón precisamente coas estruturas familiares baseadas na autoridade e o sometemento<sup>33</sup>.

Por iso, nas seguintes páxinas intentamos apartar o obxectivo último do Convenio, a protección do menor, de consideracións accesorias que, no seu caso, menosprezarían as alegacións de violencia de xénero como causa para denegar a restitución do menor.

---

<sup>30</sup> Tal e como reflexiona ÁLVAREZ GONZÁLEZ (1986), p. 9, malia a constante tendencia social cara á comunidade de costumes e de hábitos de vida, sobre todo en ámbitos rexionais localizados, onde os niveis de renda, educación ou cultura parecen estar nun mesmo estadio, as respostas xurídicas ante idénticos feitos fronte a iguais necesidades distan moito de ser uniformes, e é precisamente no campo da familia onde as diferenzas de regulación entre os distintos sistemas xurídicos estatais cobran maior virulencia.

<sup>31</sup> SILBERMAN (2001), pp. 222 e 226. O OBSERVATORIO ESTATAL DE VIOLENCIA SOBRE A MULLER (2007), p. 196 apunta que, a fin de evitar que a orde de restitución opere como unha baza en favor do agresor, débese considerar a incidencia da violencia de xénero na aplicación e interpretación do Convenio da Haya e do Regulamento Bruxelas II bis por parte das nosas autoridades. No mesmo sentido, GARCÍA RUBIO (2009), p. 181. Nesta tarefa interpretativa, consideramos que son importantes as previsións do antes citado Convenio de Istambul e, en concreto, o seu artigo 31.2, o cal sinala que as partes contratantes tomarán as medidas lexislativas ou outras necesarias para que o exercicio de ningún dereito de visita ou custodia poña en perigo os dereitos e a seguridade de la vítima e dos nenos.

<sup>32</sup> REYES CANO (2015), p. 186, sinala que todas as eventuais alteracións difiren nas súas características segundo: a idade, o xénero, o nivel de desenvolvemento, o tipo, frecuencia e severidade da violencia, o tipo de intervención xudicial, a comunicación paterno-filial, o cúmulo de factores estresantes, así como a presenza de factores de protección.

<sup>33</sup> REYES CANO (2015), p. 188.



### 3.2. Posibles consideraciones en detrimento dos casos de violencia sobre a muller

Na nosa opinión, ordenar a restitución do menor en supostos de constatada violencia contra a nai que o traslada, cando non hai outros elementos determinantes que desaconsellen que permaneza con ela e recomenden a devolución do menor en aras do seu interese, denota falta de consistencia na aplicación do Convenio<sup>42</sup>. Así e todo, certas consideracións poderían conducir a acordar a devolución do menor malia a existencia da violencia sobre a muller.

En primeiro lugar, recordemos que un dos obxectivos do Convenio da Haya é previr que se produzan eventuais traslados ilícitos. Non obstante, tal obxectivo non pode ser unha variable que determine a interpretación restritiva do artigo 13.I.b) e xustifique a devolución no caso concreto<sup>43</sup>. Sen entrar agora a valorar se o Convenio consegue ou non disuadir a subtracción de menores, en ocasións, as vítimas de violencia non ven outra saída que a fuxida transfronteiriza para preservar a súa integridade e a dos seus fillos e, polo tanto, non se preocupan polas consecuencias legais<sup>44</sup>, pero iso non xustifica adoptar unha decisión exemplificadora.

En segundo lugar, apúntase que o Convenio opera sobre a base de que os tribunais do Estado da residencia habitual do menor son os máis idóneos para dirimir as discusións en torno ao coidado e asistencia ao menor<sup>45</sup> dado que, entre outras cousas, son os que teñen mellor acceso á información e as probas pertinentes para resolver a custodia, ao contrario que os tribunais do Estado requirido<sup>46</sup>, e están máis familiarizados co contexto social e cultural no que o neno vivía<sup>47</sup>. Dise tamén que o Convenio pretende evitar o *forum shopping*<sup>48</sup>. Porén, debemos insistir en que o Convenio da Haya opera con independencia a calquera pronunciamento de custodia. Non establece ningún criterio competencial respecto diso; soamente se ocupa dunha cuestión: acordar ou non a restitución do menor.

Doutra banda, e como motivos que directamente menosprezan as consecuencias da violencia sobre a muller nos casos de traslado ilícito de menores, cabe sinalar que existen algúns pronunciamentos xudiciais que afirman sen máis que o dano á nai non é

---

<sup>42</sup> Consistencia que reclama a CONFERENCIA DA HAYA DE DEREITO INTERNACIONAL PRIVADO (2011), p. 37.

<sup>43</sup> SCHUZ (2013), p. 303.

<sup>44</sup> WEINER (2000), p. 632, opina que se unha muller permanece na situación de violencia alarmada pola potencial aplicación do Convenio, o principal obxectivo deste, a protección do menor, sería socavado.

<sup>45</sup> KAYE (1999), p. 195.

<sup>46</sup> Neste sentido a CONFERENCIA DA HAYA DE DEREITO INTERNACIONAL PRIVADO (2017), p. 25, que apunta que a citada regra de competencia obtén maior seguridade xurídica e continuidade para os menores e as súas familias.

<sup>47</sup> SCHUZ (2013), p. 104.

<sup>48</sup> PÉREZ-VERA (1982), p. 3, cataloga aos traslados internacionais de menores como vías de feito para crear vínculos artificiais de competencia xudicial internacional con vistas a obter a custodia do menor no Estado refuxio.









do concreto suposto de feito; de aí a importancia da proba tal e como expoñemos a continuación.

### 3.4. *A apreciación do risco no caso concreto*

Aínda que na nosa opinión a correlación existente entre violencia contra a muller e o abuso de menores debería supoñer que a proba da violencia de xénero fose suficiente para apreciar o posible grave risco do menor e, polo tanto, denegar a súa restitución, o sistema convencional vixente esixe analizar como se proxecta dita violencia sobre o menor. Así, apúntase que a virtualidade que uns feitos determinados poidan ter para constituír un risco para o menor varía dependendo do neno en particular, o grado no que é exposto a devandita violencia, o apoio probatorio que demostre o risco do dano e a concorrencia doutros elementos que aumenten ou diminúan o devandito risco<sup>69</sup>. En efecto, é necesaria unha proba suficiente para refutar a presunción de que o retorno do menor salvagarda o seu interese.

Unha vez presentada toda a proba necesaria<sup>70</sup>, o tribunal estuda a súa efectiva repercusión sobre o menor. Entre outras cousas, analiza a natureza e frecuencia dos actos de violencia, a probabilidade de que se volva producir, a repercusión que ten nas habilidades da nai para coidar ao menor, se o menor presenciou ou non os abusos, os efectos na súa saúde e benestar físico e psicolóxico derivados da exposición ou do coñecemento de devandita violencia, os recursos dos que dispón a vítima e o menor no Estado requirente, o perfil do pai, se recoñece ou non os feitos e, en definitiva, se todo iso se traduce nunha situación de grave risco de acordarse a restitución do menor ao Estado da súa residencia habitual<sup>71</sup>.

De novo, aquí atopámonos con certos impedimentos. Cabe sinalar que a vítima de violencia atópase cun primeiro desequilibrio práctico porque, mentres que demostrar o carácter ilícito da subtracción non é dificultoso<sup>72</sup> se o pai ostenta dereitos de custodia e non consentiu o traslado, a proba da violencia localízase, normalmente, noutro país<sup>73</sup>.

---

<sup>69</sup> SHETTY, EDLESON (2005), p. 128, recordan que a existencia dun maior ou menor risco depende do que significa para o menor a violencia, da súa habilidade para enfrontarse a unha esfera violenta e que outras circunstancias da súa vida fan aumentar ou diminuír o risco a un dano pola devandita violencia.

<sup>70</sup> KING (2013), pp. 308 e 309, cita como posible proba dos abusos sufridos a seguinte: información de accións xudiciais pendentes contra o pai privado do menor, informes policiais ou de servizos sociais, rexistros de consulados ou embaixadas, informes de refuxios para vítimas de violencia doméstica, certificados médicos relativos a incidentes de violencia doméstica, correos electrónicos ou outra correspondencia, ordes de protección, testemuñas, restricións de mobilidade facilitada por motivos sociais e económicos, declaracións xuradas, pericial psicolóxica do menor e de quen o traslada, etc.

<sup>71</sup> CONFERENCIA DA HAYA DE DEREITO INTERNACIONAL PRIVADO (2017), pp. 11 – 12 do Anexo 3.

<sup>72</sup> BROWNE (2011), pp. 1200 y 1201.

<sup>73</sup> WEINER (2000), p. 658.





nos casos de violencia doméstica ou a violencia entre a parella, si debía pronunciarse a este respecto<sup>86</sup>. Así, para a Sétima Reunión da Comisión Especial preparouse o devandito Proxecto de Guías de Boas Practicas<sup>87</sup> do que se deriva a importancia da violencia sobre a muller, que é o suposto máis abundante nos casos de violencia entre a parella, como motivo para denegar a restitución do menor.

Pero tamén debemos resaltar que o mencionado texto, por un lado, simplemente se trata dun proxecto cuxas eventuais modificacións non podemos prever e, por outro, reclama unha interpretación uniforme do artigo 13.I.b) advertindo de que as denuncias de violencia doméstica, e polo tanto as alegacións de violencia contra a muller, deben ser sopesadas de acordo co mesmo criterio ao que se someten as demais causas susceptibles de configurar a excepción do grave risco e deben rexerse polas mesmas regras de proba<sup>88</sup>. Non cabía esperar outro pronunciamento dun texto proveniente da Conferencia de Haya de Dereito Internacional Privado pois non pode darlle un tratamento específico a unha concreta realidade sobre a que os actuais noventa e oito Estados parte non comparten unha mesma aproximación legal, social e ideolóxica.

Así e todo, e ante a falta dunha previsión específica, son as regulacións dos distintos Estados as que precisamente poderían marcar a diferenza dentro da ampla marxe que conceden as cláusulas xerais abertas que manexa o sistema convencional. Aínda que é certo que a estrutura do Convenio impide aflorar aquel “nacionalismo xudicial” que comportase adoptar unha decisión sobre o fondo, as previsións que un Estado presente sobre a violencia doméstica e a violencia contra a muller informarán a análise do grave risco previsto no artigo 13.I.b)<sup>89</sup>. Desta forma, o acervo legal co que conte o tribunal será determinante para que a violencia sobre a muller supoña a non restitución do menor. A grandes liñas, que un Estado, no seu papel de Estado requirido, denegue a restitución do menor nun caso de violencia de xénero, significa que recoñece o paralelismo existente entre a devandita violencia e o abuso de menores e a necesidade de protexer ao menor dos potenciais perigos do seu regreso. Que ese mesmo Estado, na súa condición de Estado requirente, consiga a restitución do menor nun caso de violencia, supón que estará en mellor posición de protexer ao neno e á nai que o Estado requirido, o cal tería considerado a violencia de xénero menos relevante.

---

<sup>86</sup> CONFERENCIA DA HAYA DE DEREITO INTERNACIONAL PRIVADO (2012), p. 17.

<sup>87</sup> *Vid. supra* notas ao pé de páxina 46, 56, 63, 64, 66, 71 y 75.

<sup>88</sup> CONFERENCIA DA HAYA DE DEREITO INTERNACIONAL PRIVADO (2017), p. 8.

<sup>89</sup> SCHUZ (2013), p. 314, sostén que as políticas que os diferentes Estados poden prever sobre a violencia doméstica non deben decaer ante os supostos de subtracción internacional de menores.

## BIBLIOGRAFÍA

ALCÁNTARA LÓPEZ, M.V. ET AL., “Alteraciones psicológicas en menores expuestos a violencia de género: Prevalencia y diferencias de género y edad”, *Anales de Psicología*, Vol. 29, núm. 3, outubro 2013, pp. 741-747. Disponible en <<https://dialnet.unirioja.es>>. [Consultado o 5 de outubro de 2017].

ÁLVAREZ GONZÁLEZ, S., “Secuestro internacional de menores («legal kidnapping») y cooperación jurídica internacional: la posición española ante el problema”, *Poder Judicial*, Otto y Pardo, I. de (dir), 2ª época, núm. 4, decembro 1986, pp. 9-32.

ÁLVAREZ GONZÁLEZ, S., “Interés del menor y cooperación jurídica internacional en materia de desplazamiento internacional de menores: los casos difíciles”, *Cooperación Jurídica Internacional*, Álvarez González, S., Remacha Tejada, J.R. (ed. lit.) Vol. 5, 2001, pp. 125-136.

ÁLVAREZ GONZÁLEZ, S., “Desplazamiento internacional de menores, procedimiento de retorno y tutela judicial efectiva”, *Derecho Privado y Constitución*, 2ª Vol. 16, 2002, pp. 41-63. Disponible en <<https://dialnet.unirioja.es>>. [Consultado o 5 de outubro de 2017].

AYLLON ALONSO, E. ET AL., “En la violencia de género no hay una sola víctima: atención a los hijos e hijas de mujeres víctimas de violencia de género”, *Save the Children*, febreiro 2011, pp. 1-106. Disponible en <<https://www.savethechildren.es>>. [Consultado o 5 de outubro de 2017].

BROWNE, N.L., “Relevance and fairness: protecting the rights of domestic-violence victims and left-behind fathers under the Hague Convention on international child abduction”, *Duke Law Review*, Vol. 60, 2011, pp. 1193-1238. Disponible en <<http://scholarship.law.duke.edu/cgi/viewcontent.cgi?article=1494&context=dlj>>. [Consultado o 5 de outubro de 2017].

CALVO CARAVACA, A.L., CARRASCOSA GONZÁLEZ, J., *Derecho Internacional Privado II*, Comares, Granada, 2016.

DÍAZ DELGADO, J. ET AL., “Auto de la Audiencia Provincial de Barcelona (Sección 1ª) de 21 de abril de 1997”, *Revista General de Derecho*, Vicente y Almela, A. (dir), Vol. LIV, núm. 642, marzo 1998, pp. 3116-3119.

FERNÁNDEZ ROZAS, J.C., SÁNCHEZ LORENZO, S., *Derecho Internacional Privado*, Thomson Reuters, Cizur Menor, 2016.

GARCÍA RUBIO, M.P., “El marco civil en la violencia de género”, *Tutela jurisdiccional frente a la violencia de género: aspectos procesales, civiles, penales y laborales*, Hoyos Sancho, M. de (dir), Lex Nova, Valladolid, 2009, pp. 153-182.

HERRANZ BALLESTEROS, M., *El interés del menor en los convenios de la Conferencia de la Haya de Derecho Internacional Privado*, Lex Nova, Valladolid, 2004.

KAYE, M., “The Hague Convention and the flight from domestic violence: how women and children are being returned by coach and four”, *International Law Review, Policy and the Family*, Vol. 13, núm. 2, agosto 1999, pp. 191-212. Disponible en <<https://doi.org/10.1093/lawfam/13.2.191>>. [Consultado o 5 de outubro de 2017].

KING, S.M., “The Hague Convention and domestic violence: proposal for balancing the policies of discouraging child abduction and protecting children from domestic violence”, *Family Law Quarterly*, Vol. 47, núm. 2, 2013, pp. 299-310. Disponible en <<http://scholarship.law.ufl.edu/cgi/viewcontent.cgi?article=1640&context=facultypub>>. [Consultado o 5 de outubro de 2017].

LÓPEZ SOLER, C. ET AL., *Menores expuestos a la violencia de género*, Pirámide, Madrid, 2017.

LOWE, N., “A statical analysis of applications made in 2008 under the Hague Convention of 25 October 1980 on the civil aspects of international child abduction”, *Conferencia da Haya de Dereito Internacional Privado*, Prel. Doc. Núm. 8A, novembro 2011, pp. 1-71. Disponible en <<https://assets.hcch.net/upload/wop/abduct2011pd08ae.pdf>>. [Consultado o 5 de outubro de 2017].

PÉREZ-VERA, E., “Informe explicativo”, *Conferencia de la Haya de Derecho Internacional Privado*, 1982, pp. 1-44. Disponible en <<https://assets.hcch.net/upload/expl28s.pdf>>. [Consultado o 5 de outubro de 2017].

PINHEIRO, P.S., “Informe para el estudio de la violencia contra los niños”, *Organización das Nações Unidas*, agosto 2016, pp. 1-37. Disponible en <[http://srsrg.violenceagainstchildren.org/es/un\\_study](http://srsrg.violenceagainstchildren.org/es/un_study)>. [Consultado o 5 de outubro de 2017].

QUILLEN, B., “The new face of international child abduction: domestic-violence victims and their treatment under the Hague Convention on the civil aspectos of international child abduction”, *Texas International Law Journal*, Vol. 49, 2014, pp. 621-643. Disponible en <<http://www.tilj.org/content/journal/49/num3/Quillen621.pdf>>. [Consultado o 5 de outubro de 2017].

REQUEJO ISIDRO, M. “Secuestro de menores y violencia de género en la Unión Europea”, *Anuario Español de Derecho Internacional Privado*, Fernández Rozas, J.C. (dir) Vol. 6, 2006, pp.179-194.

REYES CANO, P. “Menores y violencia de género: de invisibles a visibles” *Anales de la Cátedra Francisco Suárez*, Vol. 49, 2015, pp. 181-217. Disponible en <<https://dialnet.unirioja.es>>. [Consultado o 5 de outubro de 2017].

SCHUZ, R., *The Hague child abduction Convention. A critical analysis*, Hart Publishing, Orxford y Portland, 2013.

SHETTY S., EDLESON J.L., “Adult domestic violence in cases of international parental child abduction” *Violence Against Women*, Vol. 11, núm. 1, xaneiro 2005, pp. 115-138. Disponible en <<http://citeseerx.ist.psu.edu/viewdoc/download?doi=10.1.1.308.1884&rep=rep1&type=pdf>>. [Consultado o 5 de outubro de 2017].

SILBERMAN, L., “The Hague child abduction Convention turns twenty: gender politics and other issues”, *International Law and Politics*, Vol. 33, febreiro 2001, pp. 221-250. Disponible en <[http://takeroot.org/ee/pdf\\_files/library/silberman\\_2000.pdf](http://takeroot.org/ee/pdf_files/library/silberman_2000.pdf)>. [Consultado o 5 de outubro de 2017].

TRIMMINGS, K., *Child abduction within the European Union*, Hart Publishing, Orxford y Portland, 2013.

WEINER, M.H., “International child abduction and the escape from domestic violence”, *Fordham Law Review*, Vol. 69, núm. 6, 2000, pp. 593-706. Disponible en <<http://ir.lawnet.fordham.edu/cgi/viewcontent.cgi?article=3674&context=flr>>. [Consultado o 5 de outubro de 2017].

## **RECURSOS ELECTRÓNICOS**

CONFERENCIA DA HAYA DE DEREITO INTERNACIONAL PRIVADO, “Domestic and family violence and the article 13 «grave risk» exception: a reflection paper”, Prel. Doc. Núm. 9, maio 2011, pp. 1-57. Disponible en <<https://assets.hcch.net/upload/wop/abduct2011pd09e.pdf>>. [Consultado o 5 de outubro de 2017].

CONFERENCIA DA HAYA DE DEREITO INTERNACIONAL PRIVADO, “Conclusions and recommendations of Part I and Part II of the Special Commission and report of Part II of the meeting”, abril 2012, pp. 1-57. Disponible en <[https://assets.hcch.net/upload/wop/concl28-34sc6\\_en.pdf](https://assets.hcch.net/upload/wop/concl28-34sc6_en.pdf)>. [Consultado o 5 de outubro de 2017].

CONFERENCIA DA HAYA DE DEREITO INTERNACIONAL PRIVADO, “Proyecto de guía de buenas prácticas sobre el artículo 13(1)(b)”, xuño 2017, pp. 1-132. Disponible en <<https://assets.hcch.net/docs/13a63e16-fdf4-488b-9368-123c96cdf67.pdf>>. [Consultado o 5 de outubro de 2017].

CONFERENCIA DA HAYA DE DEREITO INTERNACIONAL PRIVADO, “Report on the Experts’ Meeting on Issues of Domestic/Family Violence and the 1980 Hague

Child Abduction Convention”, agosto 2017, pp. 1-5. Disponible en < <https://assets.hcch.net/docs/0a145947-ff60-47219ea8-0d118e063ef2.pdf>>. [Consultado o 5 de outubro de 2017].

OBSERVATORIO ESTATAL DE VIOLENCIA SOBRE A MULLER, “I Informe Anual”, 2007. Disponible en < <http://www.violenciagenero.msssi.gob.es>>. [Consultado o 5 de outubro de 2017].